

## CONVOCATORIA DE REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**Data:** Xoves, 7 de abril de 2022.  
**Hora de comezo:** 10:30 horas.  
**Reunión:** 13/2022

### **CONVOCADOS:**

**Presidente:** Don Carlos Lopez Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

#### **Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG.
- D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP
- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, xefe do Servizo de Contratación, Facenda de Patrimonio.

### **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación das actas das reunións dos días 25 de marzo de 2022 (Reunión 11/2022) e 31 de marzo de 2022 (Reunión 12/2022).
2. Dar conta da oferta presentada para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade tramitado para contratación do mantemento, asistencia e apoio á explotación do sistema de xestión económico-financeira SICAL C/S (Expte.- 2022001373).
3. Proposta para solicitar aclaracións sobre a oferta presentada por unha empresa que opta á adxudicación do lote número 2 do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de desinsectación, desratización, desinfección e control da lexiellosis. (Expte.- 2021047872).
4. Proposta de adxudicación dos lotes do acordo marco que regula a contratación da subministración de furgonetas sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2021049376).
5. Proposta de adxudicación don procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reparación de beirarrúas na E.P. 2802 Acceso a Calvos dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+300 (Fornelos de Montes)". (Expte.- 2021060893).
6. Nova proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación dun servizo do Centro de Atención aos Usuarios (CAU) da Deputación de Pontevedra unha vez acordado deixar sen efecto, con retroacción de actuacións, o acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno en sesión do día 17/12/2021 (Acordo nº 14.31090) en cumprimento da resolución polo TACGAL do recurso interposto pola empresa SM Tecnologia SL contra a súa exclusión do procedemento. (Resolución TACGAL num 26/2022). (Expte.- 2021007082).
7. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliada mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Obra de rehabilitación enerxética da escola unitaria da Entidade Local de Vilasobroso, recollida nas actuacións do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004126 "Envolvente térmica sostible I". (Expte.- 2022002143).
8. Apertura electrónica do sobre único correspondente á documentación administrativa e documentación avaliada mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe lonxitudinal na E.P.



- 0603 PO.308-Muíño-Campañó, dende o p.q. 0+000 ó p.q. 1+540 (Concello de Poio)". (Expte.- 2021066733).
9. Aprobación das valoracións dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara. (Expte.- 2022002147).
  10. Apertura electrónica dos sobres "C" corresponde á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara. (Expte.- 2022002147).
  11. Aprobación das valoracións dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2021039471).
  12. Apertura electrónica dos sobres "C" corresponde á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2021039471).
  13. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento convocado para a contratación, mediante concurso público, do arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra.

O que lle participo ós efectos oportunos, pregándolle que se non pode asistir, teña a ben poñelo en coñecemento desta Secretaría.